



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

1

DILIXENCIA que practico como secretaria do IES A Cachada de Boiro para facer constar que o presente Plan de Igualdade e Diversidade LGBTIQ+ foi aprobado polo Consello Escolar celebrado , tal como acredita no libro de actas do órgano colexiado competente.

E para que así conste, asino a presente en Boiro,

Vº e Prace

A directora

Mª Luisa Rguez Queiruga.


A secretaria

Digna Mª Lampón Vidal.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

2

## **PLAN DE IGUALDADE E DIVERSIDADE LGBTIQ+ DO IES A CACHADA**

### **ÍNDICE**

#### **1. Introducción.**

#### **2. Contextualización na normativa e no centro.**

#### **3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.**

#### **4. Obxectivos:**

##### **4.1. Obxectivos xerais.**

##### **4.2. Obxectivos específicos:**

**-Alumnado.**

**-Profesorado.**

**-Familias.**

#### **5. Medidas concretas de actuación:**

##### **5.1. Diagnósticas.**

##### **5.2. Organización do centro.**

##### **5.3. Concienciación.**

##### **5.4. Espazos e recursos.**


##### **5.5. Convivencia escolar.**

#### **6. Seguimento e avaliación.**



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

## 1. Introducción.

O Plan de Igualdade e Diversidade LGBTIQ+ é un documento operativo e programático que garante a inclusión no Proxecto Educativo de centro e na Programación Xeral Anual das actuacións preceptivas recollidas no **I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)**. Por tanto, é o medio para incorporar o **modelo coeducativo** ao **modelo pedagóxico** do centro, co fin de avanzar na consecución do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e para sensibilizar, previr e intervir fronte á violencia machista, que inclúe a violencia de xénero e a LGBTIfobia.

Entendemos a igualdade como unha relación de equivalencia, no sentido de que todas as persoas teñen o mesmo valor, e, precisamente por iso, son iguais. A defensa da igualdade de dereitos entre homes e mulleres parte do principio de que as mulleres, como cidadás, deben ser libres coma os homes á hora de decidir e exercer papeis sociais e políticos. Con todo, ter o mesmo valor non implica que teñan a mesma identidade nin que sexan uniformes, a igualdade admite diferenzas, pero non desigualdades.


Educación en igualdade implica contribuír de forma clara e sistemática a que os procesos de socialización que se producen na comunidade educativa eviten e rexeiten estereotipos sexistas e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual.

Para evitar a reprodución de estereotipos sexistas, a invisibilidade das mulleres e do colectivo LGBTI, a presunción de heterossexualidade na comunidade educativa, a discriminación por razóns de identidade de xénero ou orientación afectivo-sexual, a orientación profesional segregadora, as diferenzas no uso de espazos, tempos e palabras, a normalización das agresións dos máis fortes contra as e os máis débiles, xustificadas nos estereotipos sexistas e homofóbicos, a prevalencia do masculino nos libros de texto e materiais curriculares e a presunción de familia nuclear heterossexual, faise necesaria a aplicación de medidas individuais e colectivas encamiñadas a promover a igualdade de oportunidades, e, por tanto, asentar as bases para conseguir un centro coeducativo, libre de



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

4

discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todos e todas as estudantes teñan o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.

Por todo o exposto, o Plan de Igualdade e Diversidade LGBTIQ+ supón a procura de espazos e tempos para a formación entre o profesorado e a inclusión efectiva da educación en igualdade, tomando conciencia da forma de relacionarnos e de levar a cabo as distintas situacións de aprendizaxe.

O plan de igualdade basearase nos **principios de valores democráticos, transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades e visibilidade.**

#### 1. Valores democráticos:

A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que se sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.

#### 2. Transversalidade:

A perspectiva de xénero integrárase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas.

#### 3. Inclusión:

A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

#### 4. Igualdade de oportunidades:

O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

#### 5. Visibilidade:

O Plan de Igualdade e Diversidade LGBTIQ+ contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.




## 2. Contextualización na normativa e no centro.

A igualdade e a non discriminación é un principio xurídico universal proclamado en diferentes textos internacionais sobre dereitos humanos, recoñecido ademais como un dereito fundamental no noso ordenamento xurídico. Cómpre suliñar como punto de partida o artigo 2 da Declaración Universal de Derechos Humanos, que declara que toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nela, sen distinción algunha de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

### Ámbito estatal.

- A Constitución española de 1978 ditamina que todos os cidadáns e cidadás do estado español son iguais ante a lei. Do mesmo xeito, tamén proclama a protección da dignidade das persoas, dos seus dereitos inviolables e do libre desenvolvemento da súa personalidade. No seu artigo 27 expresa que “a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais”.  
No seu Artigo 9.2 afírmase que “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.” e no seu Artigo 14 que “os españois son iguais ante la lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”
- Real Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
- Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres:
  - Título IV do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.
  - Artigo 23: A educación para a igualdade de mulleres e homes.



## -Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

- Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos derecdereitos das persoas LGTBI.


### Ámbito autonómico.

- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1: "Os poderes públicos, desenvolverán accións encamiñadas a promover as condicións de igualdade, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude"
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. O seu capítulo 5 establece que se deberá incorporar a realidade LGTBI nos plans de estudos, así como revisar todo o material en uso. Deberán desenvolverse programas que busquen corrixir calquera tipo de actitude ou comportamento discriminatorios por motivos de identidade de xénero ou orientación sexual; divulgarase a realidade LGTBI entre as ANPA; combaterase o acoso, e fomentarse a visibilidade das persoas LGTBI.
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa
- No ano 2016 a Xunta aprobou o Protocolo de Identidade de Xénero, que establece medidas concretas co seguinte obxectivo: "a diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo. Así pois, a escola ha de ser verdadeiramente inclusiva, espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa e onde o feito trans non causa rexeitamento." Este Protocolo apróbase a raíz da Lei 2/2014 mencionada anteriormente, e busca establecer medidas concretas que garantan o seu cumprimento efectivo.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

7

### **Nos documentos de centro.**

Os documentos nos que se reflicte a execución do Artigo único na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: *o desenvolvemento da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, o respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar, o fomento da igualdade efectiva de mulleres e homes a través da consideración do réxime da coeducación de nenos e nenas, a educación afectivo-sexual, adaptada ao nivel madurativo, e a prevención da violencia de xénero, así como o fomento do espírito crítico e da cidadanía activa;* son os que seguen:

- No Proxecto educativo.
- Na Programación Xeral Anual.
- No Plan de convivencia.
- Nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.
- No Plan de acción tutorial.
- No Plan de Orientación Académica e Profesional.
- No Proxecto lector.
- Na Concreción curricular.

### **3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.**


Entre os meses de novembro e xaneiro do curso 2022/23 o profesorado do Equipo de Apoio LGBTIQ realizamos, en coordinación co alumnado do Equipo, unha enquisa co obxectivo de coñecer a situación actual do alumnado LGBTIQ, e tamén do resto en relación ás persoas do colectivo. Esta enquisa foi respondida por 326 alumnas/os, do total de 398 presentes no centro, dos catro grupos de cada un dos catro niveis dos que dispón o IES A Cachada. Así, tendo con conta os resultados da enquisa, podemos establecer as seguintes conclusións:

1. O 22,6% do alumnado declárase pertencente ao colectivo LGBTIQ. Isto quere dicir que das/os 398 alumnas/os, entre 80 e 90 alumnas/os son gays,lésbicas, bisexuais, trans, queer, etc; o que dá unha media algo superior a cinco por aula.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

8

2. Porén, de toda esa porcentaxe, unicamente o 17% do alumnado declara ser completamente visible no centro. Así, só 14/15 alumnas/os dos 80/90 falan abertamente da súa identidade con normalidade co resto dos seus iguais.

3. Se procuramos as causas desta falta de visibilidade, podemos encontralas tamén na enquisa, pois o 36,5% do alumnado afirma que o noso instituto non é un espazo seguro para as persoas LGBTIQ. Incluso un 32% do alumnado afirma que presenciaron agresións verbais ou situacións discriminatorias a persoas do colectivo no noso centro. Esta porcentaxe sube a máis do 45% se a pregunta é se souberon delas indirectamente. Se transformamos as porcentaxes en números, dos 398 alumnas/os do IES A Cachada, 127 viron esas situacións directamente, e 180 indirectamente. Ademais, un 34% das persoas LGBTIQ sentíronse excluídas no instituto por causa da súa orientación sexual ou pola súa identidade de xénero.

4. Estas situacións discriminatorias non chegan en moitos casos ao profesorado, orientación e familias, xa que o 45,5% das persoas LGBTIQ que sufriron ou presenciaron estas agresións non llo comunicaron a ninguén. En moitos casos estas agresións non se comunican porque asumir que se están metendo contigo pola túa identidade de xénero ou a túa orientación sexual implica asumir a realidade de pertenza ao colectivo, e en moitas ocasións o alumnado da educación secundaria aínda non está preparado para dar ese paso.

5. Se tentamos ver como se pode materializar esta discriminación nas aulas, a enquisa danos algún exemplo concreto que nos permite visibilizalo moito mellor. Preguntadas/os por como reaccionarían se na súa aula unha persoa se declara LGBTIQ, o 12% do alumnado di que se sentiría incómodo, e incluso o 4,6% afirma que tentaría cambiarse de sitio. De novo traducindo as porcentaxes en números concretos: 66 alumnas/os actuarían deste xeito, algo máis de catro rapazas/es en cada grupo.


6. En relación á formación que ten o noso alumnado con respecto á diversidade, punto clave para a sensibilización, a situación é bastante satisfactoria, mais aínda debemos continuar afondando nos cursos vindeiros. O 90% afirma ter recibido nos últimos anos formación en diversidade no IES A Cachada, e o 83% espera recibir esta formación fundamentalmente do instituto. Este feito acentúase se temos en conta como aínda a





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

9

maioría do noso alumnado non fala de cuestións afectivosexuais coas súas familias (51,2%).

7. Moitas veces pensamos que repetimos conceptos unha e outra vez, mais a enquisa reflicte tamén como é necesaria esa reiteración na formación en diversidade, pois aínda hoxe o 35% do alumnado non sabe a diferenza entre identidade de xénero e orientación sexual; o 40% non sabe a que corresponden as siglas LGBTIQ; e, o que é peor aínda, o 15% ten dúbidas ou afirma que as persoas trans son persoas enfermas.

8. Neste curso puxemos a andar o Equipo de Apoio LGBTIQ e a Titoría LGBTIQ. O primeiro aínda non é unha ferramenta coñecida para o 31% do alumnado; mais si que máis do 78% considera necesario que exista a figura do titor LGBTIQ no noso centro.

9. Tamén en relación ao profesorado, o 38,7% do alumnado considera positivo que o profesorado LGBTIQ sexa visible, xa que axuda a ter referentes non heteronormativos na comunidade educativa. Apenas un 6% considera que a visibilidade é negativa. En definitiva, nos próximos cursos debemos continuar a traballar tendo como obxectivo principal a visibilidade das persoas LGBTIQ, tanto a través de actividades formativas con apoio externo, festexando efemérides e datas sinaladas, como tamén dentro de cada un dos currículos das materias. A visibilidade é a ferramenta esencial para que o noso alumnado poida vivir con liberdade a súa identidade, sen sufrir situacións de discriminación, aínda vixentes no ano 2023.


Consecuentemente, isto permite ao centro educativo ter un diagnóstico, coas fortalezas e debilidades do instituto en materia de igualdade, así como de facer visible a toda a comunidade educativa as necesidades de acometer cambios.

Sobre o estado da igualdade efectiva entre mulleres e homes, cómpre sinalar que tras a realización dos obradoiros e do traballo de campo, elaborado pola consultora contratada polo Concello de Boiro, conclúese que non existe tanto un problema de identificación dos síntomas da violencia de xénero como de tolerancia ou normalización dos mesmos, tanto entre rapaces como entre rapazas. Asumen que vivimos nunha sociedade machista pero non se identifican claramente roles e estereotipos.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

10

Cómpre reflexionar sobre a crecente posesividade e control entre as parellas adolescentes, na actualidade instrumentalizada a través da tecnoloxía, caso do uso do WhatsApp. Medran as actitudes submisas por parte das mulleres, especialmente nas relacións afectivo-sexuais, mentres sobrevive o mito do amor romántico e dos celos como mostra de namoramento.

#### 4. Obxectivos:

##### 4.1 Obxectivos xerais:

- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen se deixar influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.
- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.
- Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nas distintas facetas da historia, a ciencia, a política, a arte, a cultura, e o desenvolvemento da sociedade.
- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- Implicar os pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Sensibilizar o profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.
- Concienciar a comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>


11

- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais o lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro (impresos de matrícula, fichas de titoría, circulares informativas, permisos de saídas extraescolares, etc.) que debe cubrir cada estudante ou familia para evitar a presunción de heterosexualidade das familias. Ademais de introducilo no Proxecto Educativo, no Plan de Convivencia, no Regulamento de Réxime Interno e no Plan Xeral de Orientación.
- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate o alumnado Trans conforme ao nome e ao xénero elixidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado. Non é responsabilidade do alumnado ter que comunicalo a cada un dos seus docentes ou ao persoal non docente, senón que é o centro o que debe asumir esta tarefa.
- Asegurar que o alumnado Trans poida facer uso das instalacións do centro, incluídos vestiarios e baños, conforme ao xénero elixido.

#### **4.2. Obxectivos específicos:**

##### **a) Alumnado:**

- Facer reflexionar o alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles por condicións de sexo.
- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal o física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.




- Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara ás mozas e aos mozos.

#### **b) Profesorado:**

- Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Reflexionar sobre a nosa práctica e os nosos prexuízos, mitos ou falsas crenzas baseadas no sexismo e na homofobia, presentes na nosa propia educación, que poidan influír no noso alumnado, e que poidan ser modificadas.
- Eliminar a presunción de heterosexualidade e de xénero das persoas que compoñen a comunidade educativa e das familias.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, visibilizando o rexeitamento de toda discriminación por motivos de orientación afectivo-sexual, diversidade familiar e identidade de xénero.
- Responder inmediatamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI presentes. O silencio e a pasividade reforzan os comportamentos e actitudes de acoso sexista, homófobico e transfóbico.
- Fomentar a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.

#### **c) Familias:**

- Reflexionar coas súas fillas e fillos sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero e da liberdade na elección da identidade de xénero e da libre orientación afectivo-sexual.
- Repartir de forma xusta e equilibrada as tarefas domésticas entre os diferentes membros da familia.
- Permitir que as fillas e os fillos teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten.
- Asimilar os perfís profesionais de distintas profesións e axudar a orientar ás súas fillas e fillos independentemente do sexo.




- Fomentar a participación e paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.

## 5. Medidas concretas de actuación:

### 5.1.- Diagnósticas:

- Realización dunha diagnose periódica no centro para coñecer o grao de sexismo e introducir mudanzas que promovan unha maior igualdade entre homes e mulleres. As liñas de análise poden ser as seguintes, en relación á porcentaxe de:
  - Alumnas/os en Ciencias/Letras
  - Delegadas/os de clase
  - Xefas/es de departamento
  - Persoal da limpeza homes/mulleres
  - Equipo directivo homes/mulleres
  - Consello Escolar homes/mulleres
- Detección de posibles situacións de violencia de xénero que poidan darse dentro da comunidade educativa, utilizando diferentes indicadores que se deberán establecer polo Equipo de Igualdade e Diversidade LGBTIQ+
- Realización dunha diagnose, utilizando unha serie de indicadores observables e contrastables, que facilite o coñecemento das experiencias e percepcións da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero e da contorna de convivencia do centro por parte do profesorado e do alumnado.
- Análise da existencia dun apartado específico sobre atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero, familiar e de loita contra a homofobia e a transfobia nos documentos oficiais do centro, isto é, no Proxecto Educativo, no Plan de Convivencia, no Regulamento de Réxime Interno e no Plan Xeral de Orientación, con medidas para a sensibilización, prevención, detección e eliminación de toda manifestación de discriminación, dirixidas á toda a comunidade educativa.
- Detección de posibles situacións de homofobia e transfobia que poidan darse dentro da comunidade educativa, utilizando unha serie de indicadores tales como: indicadores para detectar ao alumnado que é vítima ou acosadora no recinto escolar



por homofobia e transfobia; farase extensivo ao persoal docente e non docente e ás familias.

- Análise de se se fomenta a formación sobre diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero a todo o persoal do centro así como ao alumnado e se se ofrece información ás familias.
- Análise de se todo o persoal docente e de orientación sabe cómo previr e actuar ante situación de acoso escolar homofóbico e transfóbico.
- Análise de se se celebran efemérides específicas como o 17 de maio, Día Internacional contra a LGBTIfobia ou xornadas, palestras e actividades de formación en diversidade afectivo-sexual e de identidade de xénero.
- Análise de se existen docentes, familias ou alumnado LGBTI que se fagan visibles como tales no centro.
- Análise de se os carteis e imaxes pendurados nos corredores ou taboleiros das aulas así como os materiais didácticos que se utilizan no centro mostran a diversidade étnica, corporal, relixiosa, afectivo-sexual e de expresión de xénero.
- Análise de se o equipo directivo, o claustro e o Consello Escolar fomentan a relación entre o centro e persoas expertas ou organizacións LGBTI, por exemplo, celebrando actividades específicas (xornadas, sesións de titoría, talleres, charlas...) xunto a elas.
- Análise de se existen materias no currículo con contidos relacionados co acoso escolar por homofobia e transfobia.
- Análise de se existe documentación e materiais de libre acceso de temas de diversidade de orientación afectivo-sexual e de identidade de xénero.


## 5.2.- Organización do centro:

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade de xénero e outra persoa responsable en materia de diversidade LGBTIQ+. Serán elixidas/os no primeiro Claustro, tras ser informado na CCP.
- As persoas responsables de Igualdade e de Diversidade LGBTIQ+ disporán dunha redución horaria, estipulada polo Equipo Directivo, que lles permita desenvolver o traballo de centro necesario nesta materia: coordinar equipos de reflexión co alumnado, impulsar



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

15


iniciativas a prol da igualdade e diversidade LGBTIQ, facer titorías co alumnado, coordinar actividades de formación para a comunidade educativa, etc.

- Creación dun Equipo de Igualdade e mantemento activo o Equipo de Apoio LGBTIQ+, creado no curso 2022/23, que conte coa presenza do alumnado e profesorado, e favorecendo a representación de todos os membros da comunidade educativa nas actividades que a eles poidan estar dirixidas. Cada un dos equipos estará coordinado pola persoa responsable desa área.
- Fomento da presenza de referentes positivos de diversidade afectivo-sexual, familiar e de xénero no centro educativo, apoiando a visibilidade do profesorado e alumnado LGBTI para que poida así converterse nun referente próximo para toda a comunidade educativa.
- Implantación da paridade na elección de delegadas/os e subdelegadas/os entre o alumnado.
- Implantación da paridade nos órganos de dirección do centro e nas xefaturas dos departamentos didácticos.
- Favorecemento dun uso da linguaxe non sexista nin heterosexista: usar a linguaxe inclusiva no centro e na aula, na medida do posible. Revisaranse e modificaranse, se procede, os documentos do centro, para incorporar unha linguaxe non sexista nin que presupoña a heterosexualidade da comunidade educativa nin das familias.
- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero. Incluirán prácticas restaurativas sempre que sexa posible e coordinadas polo Departamento de Orientación.
- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro, especialmente na Programación Xeral Anual
- Establecemento de medidas de igualdade e de atención a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar nos documentos de organización do centro: Proxecto Educativo do Centro, Normas de organización e funcionamento de centro, Plan de Convivencia e Plan de Acción Titorial.
- Concreción no POAP e nas Programacións Didácticas dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.
- Revisión das programacións didácticas e da práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

16

saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...

- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.

- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.

Na reunión de activación do protocolo daranse por escrito a todos os membros do equipo docente.

- Deseño e desenvolvemento do CPINCLUE, nas tres liñas de intervención:

- Iguála-t

- Emociona-t

- Convive-t

### **5.3. Concienciación e formación integral do alumnado:**

- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (11 de outubro, Día Mundial da Saída do Armario; 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia Machista; 8 de marzo Día Internacional da Muller ou o 28 de xuño, Día do Orgullo LGBTIQ+).

- Realización de actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIfobia...).

- Participación do centro en órganos consultivos ou de decisión para a prevención da desigualdade e da violencia machista.

- Colaboración con outras entidades na realización de actividades coeducativas.


- Participación en Plans de formación permanente do profesorado onde se traballe de maneira directa ou transversal a perspectiva de xénero.

- Facilitar material de apoio e recursos didácticos para que os/as titores/as e profesores/as poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.

- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.

- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.





- Promover que as actividades que se realicen no centro teñan en conta a perspectiva do xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar: o día das Letras Galegas, o Día da Paz, etc.
- Formación integral en Igualdade e Diversidade LGBTIQ+ no IES A Cachada: pretendemos crear unha proposta curricular co fin de que o alumnado saia do noso centro en 4º da ESO cunha formación en igualdade de xénero e diversidade LGBTIQ+ integral, que lle permita desenvolver a súa identidade dende o orgullo, o respecto, a tolerancia e a sensibilidade con respecto ao resto de identidades das persoas que están no seu redor, así como manter relacións afectivo sexuais saudables e igualitarias.

#### **1º da ESO:**

- Orientacións sexuais non normativas. Conceptos básicos. Experiencias e referentes no propio centro.
- Aproximación ao feminismo. Os estereotipos de xénero. A escala da violencia machista. Sinais para a identificación. As redes sociais e o control.

#### **2º da ESO:**

- Identidades de xénero: a realidade trans. Experiencias disidentes de xénero.
- Mulleres referentes actuais. Charla con artistas, músicas, pintoras, escritoras, deportistas...
- Análise conceptual: os micromachismos, traballos invisibles e a fenda salarial.


#### **3º da ESO:**

- Sexualidades múltiples. Diversidade de corpos. Os diferentes modelos de parella.
- A pornografía. A sexualización da muller e do colectivo trans. Os métodos anticonceptivos. A responsabilidade afectiva, os coidados.
- Os logros do movemento feminista. Análise da historia.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

18

#### 4º da ESO:

- Masculinidades e feminidades. Os estereotipos. O binarismo de xénero. As consecuencias negativas da masculinidade hexemónica para os rapaces. O empoderamento feminino. Traballo por grupos en función do xénero.
- Economía e desigualdade de xénero. O teito de cristal. Os coidados. A fenda salarial. Traballos masculinizados e feminizados.

#### 5.4.- Espazos e recursos:

- Difusión da información de Igualdade de xénero e diversidade LGBTIQ+ a través dun taboleiro estable no centro.
- Etiquetaxe específica das lecturas feministas e LGBTIQ+ na biblioteca escolar para que o alumnado poida localizalas facilmente.
- Xestión das actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión e o seu uso non heterosexista.
- Xestión de espazos tecnolóxicos inclusivos.

#### 5.5.- Convivencia escolar:

- Profesorado como modelo de respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Profesorado como modelo de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc.
- Profesorado como modelo de respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Profesorado LGBTIQ+ visible e orgulloso
- Uso de metodoloxías activas, participativas e cooperativas.
- Inclusión da corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Creación de espazos e tempos para a convivencia.
- Fomento da ética do coidado.


### 6. Seguimento e avaliación.

A avaliación terá carácter continuo e avaliaremos tanto a consecución dos obxectivos xerais coma dos obxectivos propostos en cada actividade. Así mesmo, avaliarase a coordinación entre o profesorado, a participación activa de toda a comunidade educativa, a satisfacción do alumnado, o grao de participación de axentes externos (asociacións, familias, concello, etc.) e a inclusión dos contidos expostos nas programacións das diferentes materias. Por



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. Municipalidade de Avellaneda, S/N  
15930 - Boiro . A Coruña  
881 866 717 - 881 866 718

[ies.acachada@edu.xunta.es](mailto:ies.acachada@edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesacachada/>

19

último, farase un balance global seguindo os criterios e indicadores que se detallan a continuación:

- Aplicabilidade:

**Relación entre a implementación do plan e a mellora da igualdade e diversidade LGBTIQ+ no centro educativo.**

- Comprensividade:

**Relación entre os obxectivos acadados co plan e os recursos implicados.**

- Relevancia:

**Relación entre os obxectivos propostos e as necesidades sociais e individuais detectadas nesta materia.**

O equipo avaliador compoñerano o grupo de profesores e profesoras implicados na liña IGUÁLA-T, os membros do Equipo de Igualdade e mantemento activo e do Equipo de Apoio LGBTIQ+, así como os compoñentes da Comisión de Convivencia do centro.

Os instrumentos empregados serán a observación, enquisas, sondaxes e cuestionarios, o estudo de casos, así como a análise das condutas contrarias as normas de convivencia de centro.

Por último, as persoas responsables da igualdade de xénero e da diversidade LGBTIQ+ elaborarán unha memoria final, incluída na memoria final de centro, onde se recollerá o grao de adquisición das finalidades e as propostas de mellora para o curso seguinte, de ser o caso.